



**PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN,
UNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR EN ARQUIVISTA, ENCADRADA NA ESCALA DE
ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICO SUPERIOR, COTA XERAL,
GRUPO A – A1, DO CADRO DE PERSONAL FUNCIONARIO, ACCESO LIBRE,
CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2016 .**

En sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2019 reúnese o Tribunal cualificador do proceso selectivo de Técnico Superior en Arquivista, cuxa convocatoria e bases publicáronse no Boletín Oficial da Provincia número 246, de 26 de outubro de 2018, ao obxecto de resolver a alegación presentada polo aspirante Don “A.M. A. B.” (data de entrada de rexistro 14 de febreiro de 2019 número 2019RT00051), transcribíndose literalmente a Acta que sinala:

“ Ante a alegación presentada polo aspirante Don “A.M. A. B.” que solicita a revisión das cualificacións outorgadas aos aspirantes no primeiro exercicio da fase de oposición, o Tribunal procede a revisar en primeiro lugar o cadro corrector, non observando ningún erro.

A continuación procédese a revisar a corrección realizada a cada un dos aspirantes non observando tampouco ningún erro.

Sen embargo, revisadas as puntuacións publicadas, detéctase un erro material ao transcribir os resultados do aspirante número de control 9 xa que os resultados que constan no seu exercicio son 21 preguntas ben contestadas, 8 preguntas mal contestadas e 11 preguntas en branco, co que o seu resultado sería: $21 - 2(\text{cada } 3 \text{ preguntas mal contestadas descuentase } 1 \text{ correcta}) = 19 \times 0,25$ puntos daría un resultado de 4,50 puntos, mentres que a puntuación que se publicou foi a de 21 preguntas ben contestadas, 0 incorrecta e 19 en branco dándolle un resultado de 5,25 puntos.

Como consecuencia do anterior, o Tribunal, con base no sinalado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que sinala: “As administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, procede a corrixir o erro material e publicar as cualificacións definitivas seguintes:



Nº CONTROL	RESPOSTAS CORRECTAS	RESPOSTAS INCORRECTAS	RESPOSTAS EN BRANCO	PUNTUACION PRIMEIRO EXERCICIO
4	20	7	13	4.50
5	17	20	3	2.75
6	29	2	9	7.25
7	32	0	8	8.00
8	22	16	2	4.25
9	21	8	11	4.50

Quedan por tanto eliminados do proceso selectivo por non alcanzar a puntuación mínima de 5 puntos os aspirantes números de control: 4, 5, 8 e 9".

Pazo Provincial, 28 de febreiro de 2019.

A SECRETARIA DO TRIBUNAL,

María Esther Álvarez Martínez.

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 01-03-2019
ata a día 01-04-2019
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E XERENCIA